UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Metodoloxía do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria | | Código | 652608822 |
| Titulación | 6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | Anual | Primeiro | Obrigatoria | 4 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónLetras | | | |
| Coordinación | Maceiras Lafuente, Andrea | Correo electrónico | andrea.maceiras@udc.es | |
| Profesorado | Maceiras Lafuente, Andrea<br>Peñasco González, Sandra | Correo electrónico | andrea.maceiras@udc.es<br>sandra.pgonzalez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Materia que ten por obxectivo mostrar ao alumnado as diversas focaxes metodolóxicas existentes para o ensino de linguas e literaturas e reflexionar sobre a súa idoneidade no marco da didáctica das linguas e literaturas galega e castelá na Educación Secundaria. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| A17 | Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas. |
| A19 | Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes. |
| A20 | Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. |
| A21 | Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos. |
| A22 | Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes. |
| A23 | Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A24 | Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo. |
| A25 | Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Analizar críticamente o currículo de ESO e Bacharelato para linguas e literaturas galega e castelá, as prácticas docentes, e os materiais didácticos habituais | AP17<br>AP20<br>AP24 | | CM3 |
| Formular propostas de investigación e innovación educativas | AP3 | | CM7 |
| Valorar a importancia da innovación e a investigación coma estratexias para mellorar a calidade educativa na área da linguaxe. | AP19<br>AP23<br>AP25 | | CM5<br>CM6<br>CM8 |
| Desenvolver os aspectos clave da formación inicial do profesorado de linguas e literaturas galega e castelá. | AP21<br>AP22 | | CM1<br>CM4<br>CM7 |
| Coñecer metodoloxías innovadoras para as didácticas das linguas e literaturas, valorar os seus beneficios e as dificultades que conlevan | AP17<br>AP19<br>AP21<br>AP23<br>AP24<br>AP25 | | CM3<br>CM6 |
| Achegarse ás fontes de información máis novas cunha visión pedagóxica para deseñar propostas didácticas que as inclúan | AP3<br>AP19<br>AP20<br>AP21<br>AP23<br>AP25 | | CM3<br>CM6 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| 1. Metodoloxías didácticas nas aulas de Lingua | 1.1. Métodos para o desenvolvemento da Competencia Comunicativa Lingüística oral e escrita<br>1.2. Experiencias innovadoras |
| 2. Metodoloxías didácticas nas aulas de Literatura | 2.1. Métodos para o desenvolvemento da Competencia Literaria e Lectora<br>2.2. Experiencias innovadoras |
| 3. Outras competencias chave e métodos didácticos no ensino da Lingua e Literatura | 3.1. Competencias chave e ODS<br>3.2. A Competencia Dixital na aula de Lingua e Literatura |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A3 A21 A24 A19 C4 C5 C6 C7 C8 | 12 | 10 | 22 |
| Lecturas | A17 A21 A24 A25 A19 | 1 | 9 | 10 |
| Portafolios do alumno | A19 C1 C3 C4 C5 C7 | 0 | 15 | 15 |
| Presentación oral | A22 A23 C1 C3 | 1 | 5 | 6 |
| Obradoiro | A21 A22 A23 A25 A19 C1 C3 | 4 | 5 | 9 |
| Traballos tutelados | A3 A17 A20 A21 A25 A19 C4 C6 C8 | 10 | 25 | 35 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | A modo de introducións ou visións sintéticas dirixidas a todo o grupo, ofreceranse algunhas sesións en que o profesor se valerá do método expositivo. |
| Lecturas | Proporcionaránselle ao alumnado materiais de lectura que servirán de base tanto para traballar nos obradoiros como para fomentar a súa participación nas sesións maxistrais. |
| Portafolios do alumno | Memoria e reflexión sobre as lecturas e obradoiros realizados na aula e o desenvolvemento do proceso do traballo tutelado. Teranse en conta a capacidade para seleccionar fontes bibliográficas de calidade, así como a capacidade para elaborar un discurso sintético, claro e correcto desde o punto de vista expresivo. |
| Presentación oral | Realización dunha exposición oral apoiada en medios materiais, audiovisuais e TIC sobre o traballo tutelado. |
| Obradoiro | Coa finalidade de afondar no estudo de distintas cuestións relacionadas co ámbito da materia, combinaranse diversas metodoloxías e probas (exercicios de resumo, solución de problemas, prácticas guiadas, discusións, etc.), nalgúns casos facendo previamente as lecturas que o profesor/a estableza. |
| Traballos tutelados | Realización dun traballo tutelado, relacionado con calquera aspecto dos tratados no programa docente. Este será fundamental no momento de o alumnado superar con éxito a materia, na medida en que dá índice da súa madurez científica. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | Calquera dúbida de carácter individual ou grupal relativa aos obradoiros, lecturas ou ao traballo tutelado será atendida no horario de titoría.<br><br>O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo/a docente, e terá atención personalizada no horario de titorías. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Traballos tutelados | A3 A17 A20 A21 A25 A19 C4 C6 C8 | Realización dun traballo tutelado de carácter grupal. | 60 |
| Portafolios do alumno | A19 C1 C3 C4 C5 C7 | Memoria e reflexión de carácter individual sobre as actividades prácticas realizadas na materia e o proceso de elaboración do traballo tutelado. | 30 |
| Presentación oral | A22 A23 C1 C3 | Presentación oral grupal do traballo tutelado. | 10 |

| Observacións avaliación |
|---|
| Para aprobar a materia será necesario superar todas as partes que a integran, polo que, en cada unha delas, haberá que obter como mínimo o 50% da puntuación máxima. Na segunda oportunidade, o alumnado só repetirá as partes que suspendese na primeira, e manterá a nota das que superase. O sistema de avaliación (en ambas as dúas oportunidades) será o<br>mesmo tamén para aquel alumnado con dispensa académica. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso (nota númerica 0) na convocatoria en que se cometa.Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente<br>da UDC.<br>Recoméndase que os envíos dos traballos se fagan por vía telemática. Se non fose posible a entrega telemática da versión definitiva, habería que imprimir o documento a dobre cara (e en papel reciclado) e absterse de utilizar plástico na encadernación. Canto aos borradores, o mellor é non imprimilos.Débese facer un uso sostible dos recursos, con vistas á prevención de impactos negativos sobre o medio natural.<br><br>Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. |

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | Bordons, G. y Díaz-Plaja, A. (Coords.)(2005). Enseñar literatura en Secundaria. Barcelona: Graó. Cerrillo, P. C., Larrañaga, E., & Yubero, S.(2002). Libros, lectores y mediadores.Cuenca: Servicio de Publicaciones Universidad de Castilla-La Mancha. Colomer,T. (2010). Introducción a la literaturainfantil y juvenil actual. Síntesis . Coto, B. D. (2006). La escritura creativa en las aulas (2.ª ed.). Barcelona: Graó. Guijarro Ruiz, P. e Caro Valverde, M.ª T.(Coords.) (2015). Didáctica de la lengua y educación literaria.Madrid: Pirámide. Jover Gómez-Ferrer, G. (2007), Unmundo por leer (Educación, adolescentes y literatura). Barcelona: Octaedro. Lluch Crespo, G. (2006). Promoción de la lecturay docencia desde la biblioteca escolar.La biblioteca: un mundo de recursos para el aprendizaje (pp. 115-125).Ministerio de Educación y Ciencia. Mata Anaya, J., Núñez Delgado, M.ª P. e RiendaPolo, J. (Coords.) (2015). Didáctica de la lengua y la literatura.Madrid: Pirámide.Mata Anaya, J. (2008). 10 ideas clave:animación a la lectura. Barcelona: Graó.Miret, I. et al. (2021) Pegadas dunha viaxe. Traxectorias e futuros das bibliotecas escolaresen Galicia. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación eUniversidade, Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Asesoría deBibliotecas Escolares. https://libraria.xunta.gal/es/pegadas-dunha-viaxe-traxectorias-e-futuros-das-bibliotecas-escolares-en-galiciaNovoa, C. (2007) Bibliotecas escolares deGalicia. Tejiendo redes de colaboración a favor de la educación. Educación y biblioteca, 161, 93-97.PeñascoGonzález, S. (2021). Una experiencia didáctica alrededor del audiolibro enLengua Castellana y Literatura (4º de ESO). Aula de encuentro: Revista deinvestigación y comunicación de experiencias educativas, Vol. 23, Nº 2, 155-183.PeñascoGonzález, S. y Conde Noguerol, E. (2022). El papel de las humanidades digitalesen la enseñanza media de lengua castellana y literatura. Un análisiscrítico. Transformación digital docente. La gestión sostenible de lasorganizaciones educativas / coord. por María Dolores Díaz Noguera, CarlosHervás-Gómez, Pedro Román Graván, María de los Ángeles Domínguez González,58-73.Ruiz Bikandi, U. (Coord.) (2011a). Didácticade la lengua castellana y la literatura. Barcelona: Graó.Ruiz Bikandi, U. (Coord.) (2011b). Lenguacastellana y literatura. Investigación, innovación y buenas prácticas.Barcelona: Graó. |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**